

# ACTIVIDADES 2021



**8M** 2021  
Día Internacional  
da Muller

*mudamos  
o mundo desde  
o feminismo*

aprendemos  
a **mirar**

## ACTIVIDADES ESTABLES

**CAMPAÑAS 11F | 8M | 25N**

**OBSERVATORIO DE  
IGUALDADE**

**ITINERARIO FORMATIVO  
VIRTUAL EN XÉNERO**

**PREMIOS EXERIA  
PREMIOS GIRLGEEKCOVID**

**AXUDAS PARA ACTIVIDA-  
DES DOCENTES E DE SEN-  
SIBILIZACIÓN**

**CÁTEDRA FEMINISMOS 4.0**

**BOLETÍN DE IGUALDADE**

**CALENDARIO ANUAL**

Este é un resumo das actividades relacionadas coa promoción da igualdade de xénero que se levaron a cabo na Universidade de Vigo a través da **Unidade de Igualdade** durante o ano natural 2021.

Tamén está dispoñible, en acceso aberto, a Memoria de actividades onde se detallan as medidas impulsadas e desenvoltas pola Unidade de Igualdade durante este mesmo período.

**Unidade de Igualdade**

Edif. Ernestina Otero 1º andar

Campus universitario Vigo

igualdade@uvigo.gal

986 813 419



## Pioneira na distribución de produtos menstruais



A Universidade de Vigo é a primeira universidade do Estado que facilita produtos menstruais á comunidade universitaria.

Desde marzo de 2021 hai compresas e tampóns dispoñibles para quen os precise en todas as facultades e escolas dos tres campus universitarios.

## Distintivo de igualdade da Universidade de Vigo

Convocouse a primeira edición do Distintivo para visibilizar e recoñecer pública e institucionalmente o esforzo de moitas persoas que, na nosa universidade, loitan día a día por investigar, ensinar, transferir, xestionar e producir coñecemento científico, incorporando a mirada de xénero e feminista. Esta iniciativa pretende recoñecer o traballo dos centros, das escolas e das facultades no eido do fomento da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes e, deste xeito, conquistar unha universidade máis humana, igualitaria e xusta.

A Facultade de Filoloxía e Tradución foi o primeiro centro que recibiu o Distintivo de Igualdade. unha iniciativa novidosa no sistema universitario español.



## Informe e grupo de traballo sobre a fenda de xénero salarial no PDI nas universidades

### Catro novas Bravxs

Katalin Kariko, Katherine Johnson, Margaret Hamilton e Valentina Tereshkova xa forma parte do proxecto Bravxs.

Esta acción de divulgación buscar dar a coñecer a figuras femininas relevantes en ámbitos diversos.

